



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE DETECCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DAS DISTINTAS DEPENDENCIAS, VEHÍCULOS MUNICIPAIS E COLEXIOS PÚBLICOS.

ÍNDICE

1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

2.- NORMATIVA APLICABLE.

3.- DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

- 3.1.- Mantemento preventivo
- 3.2.- Mantemento correctivo

4.- OBRIGAS DA EMPRESA

5.- XESTION DO SERVIZO.

6.- PERSOAL DO ADXUDICATARIO

7.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

8.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

- a) Responsabilidade respecto ó material
- b) Responsabilidade respecto ó control de funcionamento
- c) Responsabilidade de danos producidos polas instalacións

9.- GARANTIA DAS REPARACIONS

10. CALIDADE E SEGURIDADE

ANEXO ÚNICO.- MANTEMENTO MÍNIMO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

- TABOA I. PROGRAMA DE MANTEMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS DE LOITA CONTRA INCENDIOS
- TABOA II. PROGRAMA DE MANTEMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS DE LOITA CONTRA INCENDIOS



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C5-16

Page 2 of 8

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto do servizo a contratar é a instalación e o mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de detección, extinción e protección de incendios instalados en tódolos edificios e vehículos municipais así como nos colexios públicos.

No presente prego se regulan as condicións técnicas que deben cumprirse para a execución de dito servizo, o alcance dos traballos e os requisitos que en que cumprir o adxudicatario do contrato. Están incluídos todos os sistemas de detección, extinción e protección de incendios instalados actualmente nos edificios e vehículos municipais así como nos colexios públicos que se relacionan no anexo III dos PCAP.

Asemade, quedan incluídos no contrato os edificios, dependencias e vehículos municipais que poidan incorporarse ao concello durante a vixencia do contrato.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

O contrato se executará de acordo ao mantemento relacionado no Anexo III e á normativa vixente de aplicación así como á normativa que puidera entrar en vigor durante a vixencia do meso. E en particular se suxeitará á seguinte normativa:

Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, modificado polo Real Decreto 560/2010 de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios.
Código Técnico da Edificación. Documento Básico SI 4: Instalacións de Protección contra Incendios
Normas UNE de aplicación para os sistemas de detección de incendios e alarmas.
O Regulamento (CE) n.º 304/2008 da Comisión Europea
Real decreto 795/2010

3.- DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

O contratista adxudicatario se compromete polo presente prego de prescricións técnicas a prestar os seguintes servizos:

3.1.- Mantemento preventivo

Efectuar as operacións e verificacións de mantemento preventivo que se detallan no anexo único do presente prego (PPT). As labores de revisión se axustarán ao establecido no RD 1942/1993 de 5 de novembro, modificado polo RD 560/2010 de 7 de maio polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios (revisións periódicas obrigatorias especificadas na normativa vixente). As revisións regulamentarias quedarán anotadas nas correspondentes etiquetas que leva cada equipo.

3.2.- Mantemento correctivo

Neste mantemento se inclúen as labores que a partir da revisión preventiva poñan de manifesto a necesidade de reposición de elementos avariados ou rotos, recarga de gas extintor, ou reposición de extintor por caducidade do mesmo, de acordo coas disposicións vixentes de aplicación.

Neste mantemento se inclúe a resolución de incidencias que sexan comunicadas ao adxudicatario como recargas de extintor despois do seu uso, extintor sen argola, sen manguera, etc. Para o que empregarán recambios e pezas orixinais. Estes avisos deberán ser atendidos no mesmo día, salvo que o concello acepte un período mais largo.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A empresa deberá informar dos aparatos, equipos ou sistemas que non ofrezan garantía de correcto funcionamento, presenten deficiencias que non poidan ser corrixidas durante o mantemento correctivo ou non cumpran as disposicións vixentes que lle sexan aplicables. Dito informe deberá ser razoado tecnicamente e irá acompañado de orzamento previo. Estes traballos de mantemento correctivo con orzamento unicamente se realizarán unha vez que o concello de Bueu aprobe a súa execución.

4.- OBRIGAS DA EMPRESA

Xunto coas obrigas contidas nos PCAP, o adxudicatario deberá dispor dun servizo técnico de emerxencias que permita atender en todo momento as avarías do sistema de seguridade obxecto deste contrato. O adxudicatario contará cun sistema de acción inmediata, de forma que se poidan resolver as avarías urxentes e que non poidan agardar.

5.- XESTION DO SERVIZO.

Xunto coas obrigas contidas ao respecto nos PCAP, o adxudicatario se lle fará entrega dun inventario detallado dos equipos de extinción de incendios en cada dependencia e vehículo municipal, así como nos distintos colexios públicos.

6.- PERSOAL DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario deberá designar un xefe do servizo que será o interlocutor co concello de Bueu e que exercerá o control, supervisión e xestión técnica de todos os traballos obxecto do contrato. O interlocutor poderá ser convocado a cantas reunións se estimen pertinentes para o bo funcionamento dos servizos. Antes de que finalice cada ano de contrato e previo a unha continuidade do mesmo a empresa adxudicataria deberá entregar unha memoria anual que conterá tódolos datos relativos ás revisións realizadas a cada equipo.

O adxudicatario deberá ser un instalador e mantedor autorizado para realizar este traballo e deberá contar con persoal especializado para realizar os traballos.

O adxudicatario disporá de todo o persoal necesario así como cantos medios técnicos e vehículos sexan necesarios para a correcta prestación do servizo en calquera tipo de circunstancia. Será obriga do adxudicatario uniformar, ao seu cargo ao seu persoal, debendo levar permanentemente unha placa identificativa colocada en lugar visible.

7.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

O adxudicatario será o responsable de velar polas condicións de seguridade nos traballos, estando obrigado a adoptar e facer adoptar a súa costa, as disposicións vixentes na materia, e as medidas que dite a Inspección de Traballo e demais Organismos competentes, respectando sempre as normas de seguridade que correspondan. Tódolos gastos ocasionados pola adopción destas medidas serán a cargo do adxudicatario e considéranse incluídos no prezo do contrato.

A empresa adxudicataria queda obrigada a executar as medidas derivadas da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento normativo en todo aquilo que lle sexa de aplicación.

Dentro do prazo establecido nos PCAP o adxudicatario deberá presentar ao Concello de Bueu o seu Plan de Prevención de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento normativo en todo aquilo que lle sexa de aplicación. O dito plan conterá obrigatoriamente un resumo explicativo da implantación das medidas de prevención de riscos laborais e a modalidade preventiva adoptada (empresario, traballador designado, servizo de prevención propio, servizo de prevención alleo), e acreditar documentalmente a avaliación de



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C5-16

Page 4 of 8

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

riscos e a formación e información dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

O adxudicatario porá en coñecemento de tódolos seus traballadores a normativa interna de seguridade e saúde existente no seu caso, no Concello de Bueu así como as consignas de emerxencias establecidas, quedando obrigado a prestar os servizos que se lles pida no caso de activación de planes de autoprotección, xa sexa xeral ou propios de cada edificio.

A empresa adxudicataria dotará ao servizo e a todo o persoal do mesmo de tódolos medios de protección colectiva e individual necesario segundo as disposicións vixentes, debendo tomar as medidas necesarias para conseguir que ditos elementos sexan utilizados por todo o seu persoal, sendo responsabilidade deste aqueles accidentes que poida sufrir o persoal.

8.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

A presentación da proposta económica presupón o coñecemento fundado da realidade do servizo e a adecuación do prezo ofertado.

a) Responsabilidade respecto ó material

O adxudicatario será responsable dos danos de rotura que sufran os equipos, material ou elementos das instalacións obxecto do contrato, excepto cando os danos sexan producidos por actos de vandálicos, fenómenos meteorolóxicos ou outras causas xeradas por terceiros. Os gastos ocasionados pola reparación de danos ou roturas producidas nas instalacións e que sexan responsabilidade do adxudicatario, deberán ser soportados por este, sen que poida reclamar cantidade algunha ó Concello de Bueu.

b) Responsabilidade respecto ó control de funcionamento

O adxudicatario será responsable pola cantidade de traballos técnicos que se efectúen nas instalacións, debendo contar para elo con persoal responsable e preparado para a realización dos traballos incluídos no contrato. O adxudicatario será responsable pola adxudicación e posta a punto de tódolos traballos que esixa o control das instalacións e das deficiencias de funcionamento, tanto polo que respecta á interrupcións no servizo que non sexan imputables á falta de enerxía ou causa de forza maior, como á calidade dos traballos que esixe o mantemento e conservación das instalacións.

O adxudicatario será o responsable do funcionamento correcto dos extintores, da conservación de todos e cada un dos seus compoñentes e da calidade dos materiais e elementos empregados.

c) Responsabilidade de danos producidos polas instalacións

O adxudicatario será responsable durante a vixencia do contrato de tódolos danos e prexuízos directos e indirectos, que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público ou privado, con ocasión ou como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ó seu cargo, ou dunha deficiente organización. Os servizos públicos ou privados que resulten danados deberán ser compensados polo adxudicatario, de acordo coa lexislación vixente sobre o particular.

As propiedades públicas ou privadas que resulten danadas deberán ser reparadas polo adxudicatario, restablecendo as súas condicións primitivas ou compensando adecuadamente os danos e prexuízos causados.

A tal efecto, a empresa adxudicataria estará obrigada a ter subscrita ou a subscribir, antes da iniciación do servizo unha póliza de seguro que dea cobertura aos riscos previstos nos PCAP e polo importe sinalado nos citados PCAP.

9.- GARANTIA DAS REPARACIONES

Todas as reparacións efectuadas nos sistemas de seguridade estarán garantidas polo menos durante un



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C5-16

Page 5 of 8

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescripci3ns t3cnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesi3n ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del R3o

ano. A garant3a se entende total, 3 dicir, incluíndo materiais aportados e man de obra.

10. CALIDADE E SEGURIDADE

O adxudicatario desenrolará un plan de calidade específico para os traballos obxecto deste contrato, que inclúa como mínimo: procedementos dos traballos a realizar, procedementos de control de calidade e rexistros de control de calidade.

O adxudicatario deberá presentar certificados de calidade de t3dolos materiais que subministre.

Bueu, a 25/01/2016
Arquitecto T3cnico Municipal

Asdo.: Alfredo de la Campa Ferverza



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO ÚNICO.- MANTEMENTO MÍNIMO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

Os medios materiais de protección contra incendios se someterán ao programa mínimo de mantemento que se establece nas seguintes táboas (I e II):

TABOA I PROGRAMA DE MANTEMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS DE LOITA CONTRA INCENDIOS

EQUIPO O SISTEMA	CADA TRES MESES	CADA SEIS MESES
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación de funcionamento das instalacións (con cada fonte de subministro)- Substitución de pilotos, fusibles, etc. Defectuosos.- Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc)	
Sistema manual de alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación de funcionamento da instalación (con cada fonte de subministro)- Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc.)	
Extintores de incendios	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación (pintura, limpeza,- Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc.- Comprobación do peso e presión no seu caso.- Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (boquilla, válvula, manguera, etc.)	
Bocas de incendio equipadas (BIE)	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación da accesibilidade e sinalización dos equipos- Comprobación por inspección de tódolos compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla caso de ser de varias posicións- Comprobación por lectura do manómetro da presión do servizo- Limpeza do conxunto e engraxe de peches e bisagras en portas do armario.	
Sistemas fixos de extinción: rociadores de auga, Auga pulverizada, Po, Espuma, Axentes extintores gaseosos.	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación de que as boquillas do axente extintor ou rociadores están en bo estado e libres de obstáculos para o seu funcionamento correcto- Comprobación do bo estado dos compoñentes do sistema, especialmente da válvula de proba nos sistemas de rociadores ou os mandos manuais da instalación dos sistemas de po ou axentes extintores gasosos- Comprobación do estado de carga da instalación dos sistemas de po, anhídrido carbónico, ou hidrocarburos haloxenados e das botellas de gas impulsor cando existan.- Comprobación dos circuitos de sinalización, pilotos, etc. nos sistemas con indicacións de control- Limpeza xeral de tódolos compoñentes	



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

TABOA II

PROGRAMA DE MANTEMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS DE LOITA CONTRA INCENDIOS

EQUIPO O SISTEMA	CADA ANO	CADA CINCO ANOS
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none">- Verificación integral da instalación.- Limpeza do equipo de centrais e accesorios- Verificación de unións roscadas ou soldadas.- Limpeza e reglaxe de relés- Regulación de tensións e intensidades- Verificación dos equipos de transmisión de alarma- Proba final da instalación con cada fonte se subministro eléctrico.	
Sistema manual de alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none">- Verificación integral da instalación- Limpeza dos seus compoñentes- Verificación de unións roscadas ou soldadas.- Proba final da instalación con cada fonte de subministro eléctrico.	
Extintores de incendios (*)	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación do peso e presión no seu caso.- No caso de extintores de po con botellín de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botellín.- Inspección ocular do estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas (**)	<ul style="list-style-type: none">- A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC MIE AP.5 do Regulamento de aparatos a presión sobre extintores de incendios.
Bocas de incendio equipadas (BIE)	<ul style="list-style-type: none">- Desmontaxe da manguera e ensaio de esta nun lugar axeitado.- Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche.- Comprobación da estanquidade dos racores e manguera e estado das xuntas- Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) acomplado no racor de conexión da manguera.	<ul style="list-style-type: none">- A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm.
Sistemas fixos de extinción: rociadores de auga, Auga pulverizada, Po, Espuma, Axentes extintores gasosos.	<ul style="list-style-type: none">- Comprobación integral de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador.- Verificación dos compoñentes do sistema, especialmente os dispositivos de disparo e alarma.- Comprobación da carga do axente extintor e do indicador da mesma (medida alternativa do peso ou presión).- Comprobación do estado do axente extintor.- Proba da instalación nas condicións da súa recepción.	

(*) Rexeitamento: Rexeitaranse aqueles extintores que, a xuízo da empresa mantedora presenten defectos que poñan en dúbida o correcto funcionamento e a seguridade do extintor ou ben aqueles para os que non existan pezas orixinais que garantan o mantemento das condicións de fabricación.

(**) Nota: Nesta revisión anual non será necesaria a apertura dos extintores portátiles de po con presión permanente, salvo que nas comprobacións que se citan se observasen anomalías que o xustifique.

No caso de apertura do extintor, a empresa mantedora situará no exterior do mesmo un sistema



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C5-16

Page 8 of 8

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

indicativo que acredite que se realizou a revisión interior do aparato. Como exemplo de sistema indicativo de que se realizou a apertura e revisión interior do extintor, pódese empregar unha etiqueta indeleble, en forma de anel, que se coloca no pescozo da botella antes do peche do extintor e que non poida ser retirada sen que se produza a destrución ou deterioro da mesma.